



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS DE
SAXOFÓN**

CURSOS 1º E 2º

OBXECTIVOS

O finaliza-lo curso, o alumno debe ser capaz de:

- Coñecer os aspectos históricos máis relevantes na evolución do saxofón.
- Adquirir un criterio de opinión máis amplo sobre o saxofón e a súa evolución así coma do seu papel dentro das distintas agrupacións instrumentais e dos diferentes estilos musicais de cada época.
- Comprender os aspectos que condicionaron a evolución das distintas escolas do saxofón.
- Recoñecer auditivamente as diferentes características do saxofón ó longo da súa historia.
- Coñecer as relacións entre constructor, intérprete e compositor así coma valoralo seu resultado no desenvolvemento do deseño do saxofón, da súa técnica interpretativa e do seu repertorio.
- Valorar a importancia do coñecemento de tódolos aspectos referentes ó saxofón como base para unha completa e correcta instrución musical neste instrumento.
- Mostrar interese polos eventos e acontecementos en torno ao mundo do saxofón e a súa literatura nos diferentes estilos: asistencia a cursos, charlas, concertos, conferencias, encontros....

CONTIDOS

- Evolución histórica do saxofón, dende a súa invención ata o día de hoxe.
- Personaxes máis influentes dentro da historia do saxofón.
- Evolución das características constructivas e de funcionamento da familia do saxofón.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS DE
SAXOFÓN**

- Evolución das diferentes formacións instrumentais nas que está presente o saxofón tendo en conta a súa influencia no propio instrumento e nas súas técnicas de interpretación.
- O saxofón na banda e na orquestra sinfónica.
- A música de cámara para o saxofón: cuarteto e emsemble.
- O saxofón no jazz, no rock e outros tipos de música popular.

RECURSOS

- Gravacións do repertorio propio do saxofón das diferentes épocas, así coma dos principais interpretes de cada unha delas.
- Bibliografía específica para a realización de traballos en equipo.

TEMPORIZACIÓN

CURSO 1º

- 1º Cuatrimestre

A historia do saxofón: A. Sax e outros personaxes importantes para o saxofón no Século XIX; primeiros profesores de saxofón; o saxofón na orquestra en a banda.

- 2º Cuatrimestre

Evolución no Século XX das diferentes escolas do saxofón: a escola clásica do saxofón (M. Mule, S. Racher, C. Leeson, etc.); o saxofón contemporáneo (J.M. Londeix, etc.); últimas tendencias.

CURSO 2º

- 1º Cuatrimestre



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

**MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS DE
SAXOFÓN**

O saxofón no Jazz e música popular: introducción do saxofón no Jazz e evolución dentro deste estilo; principais saxofonistas de cada unha das épocas do Jazz; o saxofón no rock, pop, folk e outros estilos de música lixeira.

- **2º Cuatrimestre**

Evolución da fabricación do saxofón o longo da súa historia: as patentes de A. Sax; a fabricación en Europa a finais do Século XIX; a fabricación en América; a fabricación hoxe en día.

AVALIACIÓN

A avaliación desta materia farase mediante a realización dunha ou varias probas escritas onde o alumno deberá demostrar os seus coñecementos sobre os contidos traballados o longo do curso. Ademais, cada alumno deberá realizar un traballo referente a algún aspecto indicado polo profesor e relacionado co abordado no curso.

As ponderacións das notas finais das convocatorias de xuño e setembro faranse da seguinte maneira: 60 % a nota da proba escrita (ou probas) e 40 % a nota do traballo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer os aspectos mais relevantes dentro da historia do saxofón, así coma do contexto musical e social no que tiveron lugar, non só dentro da música culta senón tamén no Jazz e outros estilos de música lixeira.
2. Mostrar certa capacidade de criterio crítico con respecto ás características propias de cada una das diferentes escolas do saxofón e recoñecelas auditivamente.
3. Interrelacionar a evolución das escolas instrumentais, en especial a do saxofón, coa correspondente época musical na que tiveron lugar.
4. Coñecer as relacións entre constructor, intérprete e compositor así coma valoralo seu resultado no desenvolvemento do deseño do saxofón, da súa técnica interpretativa e do seu repertorio.
5. Ser consciente e valorar a importancia dun coñecemento máis profundo de tódolos aspectos referentes ó saxofón como base para un maior entendemento da situación actual do noso instrumento.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: HISTORIA DAS DIFERENTES ESCOLAS DE SAXOFÓN

BIBLIOGRAFÍA

- **SAXOFÓN:**
De: Jean Louis-Chantemps, Daniels Kientz e Jean Marie Londeix
Ed. Labor-Barcelona 1987
- **HISTORIA DO SAXOFÓN:**
De: Miguel Asensio Segarra
Ed. Ribera editores
- **ADOLPHE SAX E A FABRICACIÓN DO SAXOFÓN:**
De: Miguel Asensio Segarra
Ed. Ribera editores, 1999
- **O ARTE DE TOCAR O SAXOFÓN:**
De: Larry Teal
Ed. Sumí-Bierchard-Music (Miami), 1997
Traducido por: Raúl Gutiérrez
- **SAXOFÓN:**
De: Paul Harvey
- **125 ANOS DE MÚSICA PARA SAXOFÓN:**
De: Jean-Marie Londeix
Ed. Alphonse Leduc
- **MÚSICA PARA SAXOFÓN VOLUME II:**
De: Jean-Marie Londeix
Ed. Alphonse Leduc